



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

Anexo.- Consulta previa á elaboración do borrador de ordenanza reguladora da ocupación de vía pública, terreos de dominio público e espazos privados de uso público.

Problemas que se pretendan solucionar coa norma	Facer compatible o uso en espazos públicos para o establecemento de instalacións de turísticas, comerciais, hosteleiras ou de ocio coa circulación de vehículos e peóns sendo buscando o mínimo impacto nas contornas que ocupan e respectando os veciños.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	<p>Nos últimos anos vense producindo un incremento da demanda de uso espazos públicos por parte de establecementos comerciais de servizos a cal debe dársele a oportuna resposta a través dunha ordenanza que a regule.</p> <p>O uso de espazos públicos crea problemas de circulación, de accesibilidade, de tránsito dos peóns e mesmo de ruídos e veciñanza aos que se debe dar resposta a través dunha ordenanza.</p>
Obxetivos da norma	<p>Establecemento do procedemento para a autorización do uso dos espazos públicos ou de uso público.</p> <p>Ordenación dos usos nos espazos e vías públicas garantindo a seguridade cidadán, o adecuado tránsito do tráfico rodado, a circulación dos peóns e a accesibilidade aos inmobles que dan á vía pública.</p> <p>Dotarse de criterios adecuados para determinar en que espazos e lugares se poden establecer instalacións turísticas, comerciais, hosteleiras, de ocio etc e en que condicións.</p> <p>Determinar os espazo a ocupar, o período de</p>



	<p>tempo e os horarios de uso.</p> <p>Establecer que tipo de mobiliario e instalacións se permiten nos espazos públicos, en que condicións estéticas e durante canto tempo.</p> <p>Establecer o réxime sancionador para que incumpra o establecido na ordenanza.</p>
<p>Posible alternativas regulatorias e non regulatorias</p>	<p>solucións</p> <p>Non se contemplan outras posibles alternativas xa que a aprobación da ordenanza posibilitarán o desenvolvemento dunha utilización do espazo público e despliegue de relacións coa veciñanza máis equitativa e transparente.</p>

O concelleiro de área de Patrimonio,

Xulio Barreiro Lubián

